

AS AGRUPACIÓNS DE MARISQUEO A PÉ NA RÍA DE MUROS - NOIA

UNHA ANÁLISE A PARTIR DA TEORÍA DOS COMÚNS



PROXECTO GALP4-029

Deseño e Desenvolvemento dun Protocolo
de coexistión entre as confrarías da Ría Muros-Noia

CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUROS

Rúa Porta da Vila,16
15250 Muros - A Coruña

CONFRARÍA DE PESCADORES DE NOIA

República Argentina, 21
15200 Noia - A Coruña

Elaboración

Autores Interpyme SLP
Mercedes Fernández Gestido
Tito Iglesias Pastoriza

Portada *BYBE COMUNICACIÓN* / Beatriz Giráldez
Fotos José Luis Lorenzo (Colón)

Data xuño, 2018
Dep. Legal C 1057-2018



Esta obra ten unha licenza Creative Commons **Atribución-Non comercial-Non derivadas 4.0 Internacional**. Vostede é libre de: Compartir, copiar e redistribuír o material en calquera medio ou formato.

As opinións vertidas neste manual non vinculan as citadas Confrarías e son por enteiro responsabilidade dos autores.

AS AGRUPACIÓNS DE MARISQUEO A PÉ NA RÍA DE MUROS - NOIA

UNHA ANÁLISE A PARTIR DA TEORÍA DA XESTIÓN DOS COMÚNS

AGRADECEMENTOS

Esta publicación forma parte do Proxecto do GALP Costa Sostible, Deseño e Desenvolvemento dun Protocolo de coexistión entre as confrarías da Ría Muros-Noia, promovido pola Confraría de Pescadores de Muros e a Confraría de Pescadores de Noia.

Este documento está orientado ás mariscadoras e mariscadores, especialmente aos que forman parte das directivas das agrupacións a pé. Tamén pode resultar de interese para o persoal técnico e para os membros dos órganos reitores das confrarías. Os estudosos e curiosos do mundo mariñeiro poden encontrar neste libro algúns datos inéditos sobre o modelo de xestión desta entidades.

Os autores queremos agradecer a acollida e a confianza recibida nas confrarías de Muros e Noia. Tamén resultou moi grato compartir inxedanzas coas asistencias técnicas de ambas as dúas confrarías, sen a súa colaboración non sería posible culminar con éxito este proxecto.

Esperamos que este traballo contribúa a dar a coñecer a implicación, compromiso e bo facer das Agrupacións de mariscadoras a pé de Muros e Noia. Moitas grazas ás directivas destas agrupacións.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	9
--------------	---

PRIMEIRA PARTE

Estado da xestión do marisqueo a pé na Ría de Muros e Noia	13
--	----

AGRUPACIÓN SECTORIAL DE MARISCADORAS A PÉ DE NOIA “A Misela”

Recursos produtivos	15
Estrutura dos ingresos por Especies	17
Plan de Explotación de Noia	18

AGRUPACIÓN SECTORIAL DE MARISCADORAS A PÉ DE MUROS

Recursos Produtivos	23
Estruturas dos ingresos por Especies	24
Plan de Explotación da Agrupación de Mariscadoras a Pé de Muros	24

O MARISQUEO A PÉ DE MUROS-NOIA NO CONTEXTO GALEGO

O Emprego no Marisqueo a pé	29
O Berberecho na Ría de Muros-Noia	31
As Rendas no Marisqueo a Pé	33

O VALOR DO PLAN CONXUNTO ESPECÍFICO PARA ZONAS DE LIBRE MARISQUEO RÍA DE MUROS-NOIA

Antecedentes	39
Aspectos Positivos/Oportunidades	40
Aspectos Negativos/Ameazas	40
Aspectos de interese do plan conxunto de explotación para as zonas de libre marisqueo	41
O valor do Plan Conxunto	43

SEGUNDA PARTE

Análise das agrupacións de mariscadoras a pé das confrarías de Muros e Noia a partir da teoría da xestión do común de Elinor Östrom	47
As pesqueiras artesás e o marisqueo un Recurso de Uso Común	48
A traxedia dos comúns	49
Principio de deseño e actuación institucional	51
Límites claramente definidos	53
Coherencia entre as regras de extracción e as obrigas das mariscadoras coas condicións locais	57
Participar na modificación das regras ocupacionais	59
Sancións graduadas	65
Mecanismos para a resolución de conflitos	67
Recoñecemento mínimo de dereitos de organización	69
Entidades aniñadas	74
Os principios de deseño como elemento de avaliación das agrupacións de mariscadoras	75
Conclusións	78
Retos e Propostas	81

TERCEIRA PARTE

Protocolo para un proceso de colaboración no ámbito pesqueiro	85
---	----

BIBLIOGRAFÍA

INTRODUCCIÓN

Un dos obxectivos desta publicación é achegar os avances no coñecemento científico sobre a xestión dos recursos comúns ás persoas que ostentan a responsabilidade de rexer as agrupacións de mariscadoras a pé, ás confrarías de pescadores e ao conxunto de técnicos que acompañan a estas entidades. Como se verá, tamén faremos achegas que poden resultar de interese para os responsables políticos e funcionarios implicados na xestión dos recursos marisqueiros.

Con este fin botaremos man do marco conceptual e da proposta de análise recollida por Elinor Östrom, premio nobel de economía en 2009, no seu libro *Governing the Commos* (traducido ao castelán como *El gobierno de los bienes comunes*).

Resulta pouco habitual que os premios nobel de economía fagan achegas tan orientadas a mellorar as prácticas das pequenas institucións e comunidades tradicionais, tal e como acontece con E. Östrom. Por esa razón, tanto a análise como as propostas que se recollen neste traballo van seguir as directrices que se recollen no citado libro.

Un dos grandes retos para o desenvolvemento das zonas costeiras galegas é o aproveitamento dos recursos marítimo-pesqueiros que se encontran deficientemente xestionados, tal e como acontecía cos bancos marisqueiros de Esteiro e Praia do Castelo, na ría de Muros e Noia. Estas zonas, denominadas “de libre marisqueo” son espazos cunha xestión e protección escasas sobre as cales as comunidades mariñeiras non participan, salvo na extracción. Anualmente, a Consellería do Mar, mediante unha Orde aproba o Plan Xeral de explotación marisqueira, regula a extracción de moluscos nestas zonas.

Existe un gran consenso no sentido de que “queda moito que facer” para un óptimo aproveitamento dos recursos pesqueiros e marisqueiros na nosa Comunidade. Nun intre no que o noso territorio conta con elevados índices de paro, as organizacións pesqueiras non poden seguir “mirando para outro lado”, deixando que tan prezados recursos non se aproveiten satisfactoriamente.

Faise preciso, pois, desenvolver ferramentas de acción colectiva que favorezan a cooperación dos distintos axentes, posibiliten acadar acordos e crear institucións que redunden no beneficio do sector e da sociedade en xeral.

A problemática sobre a xestión dos “bens comúns” é central na pesca artesanal e no marisqueo: o mar e os seus recursos son exemplos paradigmáticos de ben común ao redor dos cales as confrarías galegas acumulan unha longa tradición. Existe unha importante acumulación de coñecemento, tanto científico como tradicional, sobre a xestión do común que debe ser aproveitado e posto ao servizo da comunidade marisqueira. Moito dese coñece-

mento está durmindo o “soño dos xustos” nos caixóns, ou estase esquecendo na mente dos nosos mariñeiros e mariscadoras.

Este traballo está dividido en tres partes, unha primeira, onde se fala sobre o contexto específico do caso que se estuda, a saber, o estado de xestión do marisqueo a pé na ría de Muros-Noia; unha segunda parte onde, a partir das ferramentas que nos facilita Elinor Östrom sobre o goberno dos bens comúns, se fai una análise das organizacións de mariscadores e mariscadoras de pé de Muros e Noia, se achegan recomendacións e se fixan retos. E por último, como conclusión, incorpórase un protocolo, que pode servir de base para que outras entidades poidan desenvolver actuacións de colaboración similares ás realizadas polas confrarías de pescadores de Muros e Noia.





PRIMEIRA PARTE

Estado da xestión do marisqueo a pé
na Ría de Muros e Noia



AGRUPACIÓN SECTORIAL DE MARISCADORAS A PÉ DE NOIA “A MISELA”

Recursos produtivos

No ano 2017, o marisqueo a pé nas autorizacións da confraría de Noia estaba sendo realizado por 447 persoas, das cales 71 eran procedentes da confraría de Muros e 376 da confraría de Noia. Isto resultou así tras o acordo de colaboración formalizado entre ambas as dúas confrarías no ano 2014, mediante o cal ambas as entidades se comprometen a compartir as súas zonas de marisqueo, de maneira que as 71 profesionais de Muros poidan mariscar en Noia e 75 profesionais de Noia poidan facelo en Muros.

A confraría de Noia elabora anualmente un plan de explotación para o marisqueo a pé e a flote, polo que ambas as dúas agrupacións comparten o mesmo espazo e temporada de marisqueo. Tal e como se reflicte no seguinte cadro, esta confraría dispón de mais de cinco millóns de metros cadrados de superficie para desenvolver as actividades de marisqueo.

Zonas de produción	
Autorizacións	5.380.000 m ²
Concesións	108.916 m ²
Total	5.486.916 m ²

A agrupación de mariscadoras a pé comparte cos demais sectores da confraría os seguintes medios:

Medios e dotacións
Socios da confraría: 1.248
Traballadores da confraría: 41
Lonxas: Testal e Freixo
Local de atención ao público e sala de reunións
Tractor para o transporte do marisco desde a praia á lonxa
Embarcacións para o transporte do marisco desde a praia á lonxa
Tres embarcacións da 4. ^a lista que utilizan os garda-pescas
Un barco da 4. ^a lista para traballos nos bancos (arados, sementaeiras, limpeza de algas)
Un barco da 4. ^a lista para o control de depredadores con nasas (2 tripulantes, carnada, barco e nasas)
Lancha de vixilancia para o coidado das mariscadoras a pé cando traballan en zonas perigosas
Vestuarios para as mariscadoras a pé
Depuradora de marisco
Dúas bateas pexperimentais de pre-engorde da ameixa
Marca “Berberecho de Noia”
Aula de formación
Criadoiro de bivalvos (hatchery)
Aula de formación


Hai que destacar, que a confraría de Noia asume o cometido de asesorar aos socios e socias, así como tamén aos aspirantes sobre os requisitos formativos para acceder á profesión, e sobre os recursos existentes en materia formativa: centros públicos, academias, etc.; e dispón dos medios e homologacións para organizar parte desa formación.

A depuradora de mariscos da confraría permite que, puntualmente, os socios poidan levar o berberecho con todas as garantías da súa orixe e en condicións sanitarias óptimas a prezos de custe.

Ademais, a Confraría de Noia ten un compromiso coa creación de valor económico no seu contorno, ao ter capacidade para crear postos de traballo directos e desenvolver actividades con impacto no seu tecido socioeconómico, con esta finalidade organiza as Xornadas de exaltación do berberecho de Noia.

Estrutura dos Ingresos por Especies

Os ingresos procedentes dos bivalvos das autorizacións e concesións da confraría de Noia proceden das seguintes especies:



Tal e como se pode apreciar, o marisqueo en Noia ten unha dependencia moi elevada do berberecho. O 74% dos ingresos obtidos no ano 2016 procede dese bivalvo, seguido da ameixa fina e xaponesa, que representaban un 11 e 9% respectivamente.

Plan de Explotación de Noia

Habitualmente, a extracción de mariscos bivalvos en Noia esténdese desde setembro ata abril, e acostúmase a facer unha parada despois do Nadal. As datas de apertura efectiva e peche están condicionadas pola situación en que se encontre o recurso e a evolución dos prezos.

Programa de extracción (2017)	
Calendario de extracción	De setembro a abril
N.º de días previstos no plan	131
N.º de días efectivamente traballados (media 2010-2016)	67

Os meses máis fortes en volume de vendas nas lonxas de Testal e Freixo son de outubro a decembro. Nesas datas desenvólvese a campaña do berberecho, que se atopa nun momento idóneo para a conserva pola boa relación talla/peso (coloquialmente “está en vianda”). Por esta razón, e antes de que o produto perda esta calidade, a industria conserveira demanda grandes cantidades de berberecho.

O plan de explotación contempla uns topes de capturas diarias para cada mariscadora. Non obstante, atendendo ás condicións do mercado e do recurso, o cabido pode decidir baixar os topes.

Topes de capturas para o marisqueo a pé (kg)

Especie	Previstas no plan (2017)
Berberecho	25
Ameixa Fina	10
Ameixa Xaponesa	10
Ameixa Babosa	10

A confraría de Noia desenvolve con regularidade accións de limpeza nos areais de algas, restos de arribazón ou calquera outro que sexa prexudicial para o desenvolvemento dos bivalvos ou entorpeza a actividade marisqueira. Os traballos de limpeza no espazo intermareal son realizados polas mariscadoras a pé con apoio de traballadores da confraría. Estes traballos computan como días de actividade marisqueira a efectos de renovación do permex. Tamén se dispón de embarcacións para a limpeza do verdello.

O control de depredadores realízase todo ano, pero fundamentalmente de xaneiro a setembro. Os organismos depredadores son cometas, estrelas de mar e carangueños. Normalmente a captura de depredadores realízase desde unha embarcación, con dous tripulantes, utilizando nasas.

Esta confraría de Noia está xestionando, ante diferentes organismos autonómicos e estatais, a reapertura do criadeiro (hatchery). Se ben, este procedemento require de trámites administrativos e xestións que se poden demorar no tempo. A confraría é titular tamén de dúas bateas experimentais de pre-engorde de ameixa e ostra.

A agrupación de mariscadoras a pé desenvolve unha serie de actividades de cultivo e semicultivo tales como extracción de semente para logo sementar, traslados de semente, rareos, limpeza, arados e acondicionamento de substrato, rexeneración de zonas improdutivas e operacións de cultivo. Participar nestas actividades é de obrigado cumprimento para as mariscadoras. Habitualmente a estes traballos, que realizan sen ser retribuídas, dedican tres días ao ano cada mariscadora.

As mariscadoras de Noia fan roldas de vixilancia nos bancos marisqueiros aos cales acostuman a dedicarlles entre dous e catro días ao ano.

Dedicación anual das mariscadoras a actividades complementarias

Operacións de cultivo e semicultivo	2 ou 3 días por mariscadora
Vixilancia	3 ou 4 días por mariscadora

Ademais, a confraría dispón de vixilantes profesionais en número variable segundo sexa época de veda ou campaña. O persoal de vixilancia dispón de medios de transporte da propia confraría (coches, lancha) e traballa sempre en colaboración co persoal de Vixilancia Pesqueira da Xunta de Galicia.

Achegas financeiras das mariscadoras

Cota asociado	12 E/ano
Retención sobre as vendas	9%

A Confraría de Pescadores de Noia, xestiona un dos plans de explotación marisqueiro mais importante da comunidade autónoma. O gasto previsto para vixilancia, persoal de lonxa, persoal de oficina, seguros e outros gastos de xestión no plan de 2017 ascendía a 673.000€.

Cabe destacar que esta entidade dá cabida, na súa zona de autorización, a mariscadores e mariscadoras a flote e a pé doutras confrarías da ría. Isto é algo insólito que a diferenza doutras confrarías da comunidade autónoma que xestionan plans de explotación marisqueira e que teñen zonas de autorización no seu ámbito territorial.

O citado plan de explotación tamén contén información relativa a puntos de control e venda e artes a empregar.

Outros elementos contemplados no plan de explotación

Puntos de control	Si
Puntos de venda	Lonxas de Freixo e Testal
Artes empregadas	Manuais s/Decreto 15/2011
Formas de comercialización	Poxa á baixa

Nas lonxas de Noia hai máquinas que permiten unha perfecta clasificación do produto, no caso do berberecho hai catro categorías desde primeira a cuarta. A ameixa fina clasifícase de primeira a terceira, e a ameixa babosa e a ameixa xaponesa divídense en primeira e segunda.



AGRUPACIÓN SECTORIAL DE MARISCADORAS A PÉ DE MUROS

Recursos produtivos

No ano 2017, para o marisqueo a pé nas autorizacións da confraría de Muros estaban autorizadas 146 persoas, das cales 71 son procedentes da confraría de Muros e 75 da confraría de Noia. Isto é así, tras o acordo de colaboración formalizado entre ambas as confrarías comentado no apartado anterior.

Tal e como figura no seguinte cadro, a agrupación de mariscadoras a pé dispón de 821.909 m² en autorizacións, das cales 513.233 m² considéranse zona produtiva.

Zonas de produción

Autorizacións	821.909 m ²
Concesións	0 m ²
Zonas produtivas	513.233 m ²


A agrupación de mariscadoras a pé comparte cos demais sectores da confraría os seguintes medios:

Medios e dotacións

Socios da confraría: 193
Traballadores da confraría: 11
Lonxas: muros e Esteiro
Dous locais de atención ao público e unha sala de reunións
Un furgón
Unha lancha e dous coches de vixilancia

Estrutura dos Ingresos por Especies

Os ingresos procedentes das autorizacións da confraría de Muros proceden das seguintes especies de bivalvos:



Tal e como se pode apreciar, o marisqueo a pé en Muros ten tamén unha alta dependencia do berberecho (aínda que menos que Noia), xa que mais do 50% dos ingresos obtidos no ano 2016 proceden dese bivalvo seguido da ameixa fina e xaponesa, que representaban un 24 e 20% respectivamente.

Plan de Explotación da Agrupación de Mariscadoras a Pé de Muros

Habitualmente, a extracción de mariscos bivalvos a pé en Muros se estende desde abril a setembro, sendo os meses mais intensivos os de xullo e agosto, coincidindo coa época

de mellores cotizacións do marisco para a venda en fresco nos mercados. A datas de apertura efectiva e peche está condicionada pola campaña de Noia que acostuma a estenderse de setembro e abril.

Programa de extracción (2017)

Calendario de extracción	De abril a setembro
N.º de días previstos no plan	65
N.º de días efectivamente traballados (2016)	53

O plan de explotación da agrupación contempla uns topes de capturas diarias por mariscadora. Non obstante, atendendo ás condicións de mercado e o estado do recurso, a agrupación pode decidir reducilas.

Topes de capturas (kg)

Especie	Previstas no Plan 2017
Berberecho	15-20
Ameixa Fina	5
Orola	20
Ameixa Xaponesa	6
Ameixa Babosa	5
Cornicha	4
Ameixón	5

No plan do 2017, na única especie que houbo baixada de topes para adaptarse á situación do mercado foi no berberecho. Durante o mes de xuño e 1 día en agosto os topes foron de 5Kg, o resto dos meses foron de 10Kg por mariscadora.

A agrupación de mariscadoras a pé, contempla no seus plans de explotación o desenvolvemento dunha serie de actividades de cultivo e semicultivo tales como extracción de semente, traslados de semente, rareos, limpeza, arados e acondicionamento de substrato, rexeneración de zonas improdutivas e operacións de cultivo. Participar nestas actividades é de obrigado cumprimento para as mariscadoras. A estes traballos, que realizan sen ser retribuídas, habitualmente dedica cada mariscadora cinco días ao ano.

Ademais, as mariscadoras de Muros fan quendas de vixilancia nos bancos marisqueiros aos cales acostuman dedicar-lles 11 días ao ano.

Dedicación das mariscadoras a actividades complementarias

Operacións de cultivo e semicultivo	5 días/ano por mariscadora
Vixilancia	11 días/ano por mariscadora

Resumindo, podemos dicir que as mariscadoras de Muros dedican 53 días ao ano á extracción e 16 días a actividades produtivas complementarias. Isto supón unha elevada contribución das mariscadoras ao coidado e sustentabilidade do recurso.

As mariscadoras a pé que operan nas autorizacións da confraría contribúen ao financiamento da agrupación e da confraría a través de tres tipos de achegas: 1 kg de berberecho por día para financiar o punto de control, unha cota de 20€ ao ano e unha retención sobre as vendas do 9%, dos cales un 5% é para a confraría e un 4% para a agrupación. A confraría tamén adoita ter subvencións da Consellería do Mar para financiar a asistencia técnica e catro vixiantes.

Achegas financeiras das mariscadoras

Específicos para punto de control	1 kg de berberecho por mariscadora
Cota asociado	20 E/ano
Retención de comercialización	9% (5% confraría+4% agrupación)

O citado plan de explotación tamén contén información relativa a puntos de control e venda e artes empregadas.

Outros elementos contemplados no plan de explotación

Puntos de control	Si
Puntos de venda	Lonxas de Muros e Esteiro
Artes empregadas	Manuais s/Decreto 15/2011
Formas de comercialización	Poxa á baixa con prezos de retirada

Tamén é de destacar como festexa a confraría de Muros o día do Carme. Ese día, invita a todos os asociados e asociadas a un viño galego e o día seguinte organiza unha homenaxe aos vellos mariñeiros. Durante eses dous días ningún mariñeiro nin mariscadora traballa en Muros.




O MARISQUEO A PÉ DE MUROS - NOIA NO CONTEXTO GALEGO

O Emprego no Marisqueo a pé

Segundo o Instituto Galego de Estatística (Análise do sector da pesca), o valor engadido xerado na pesca extractiva e marisqueo en Galicia evolucionou positivamente dende o ano 2005 ata o ano 2012. Porén, o citado informe non achega datos específicos para o subsector do marisqueo, salvo o referido ao número de permisos de marisqueo a pé (permex), os cales se reducen de xeito importante, pasando de 5.124 no ano 2005 a 3.954 permisos no 2012.


Os datos actualizados, referidos ao número de permisos de explotación do marisqueo a pé, reafirma esa tendencia: pasando de 5.124 do ano 2005 a 3.799 no ano 2016, isto é unha redución de 1.325 profesionais. Se ben, esta tendencia á baixa parece frearnos tres últimos anos: 3.748 permex no 2014, 3.826 no 2015 e 3.799 no 2016.



Fonte: Diagnóstico sobre la Situación Profesional de las Mujeres en el Oficio del Marisqueo en España (citando á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Consellería do Medio Rural e do Mar - tXunta de Galicia).

Non obstante, a evolución entre homes e mulleres non é similar, dado que mentres o número de mariscadoras diminúe o número de mariscadores aumentou significativamente.


Segundo ten publicado o Faro de Vigo, a distribución dos 3.799 Permex activos en Galicia no ano 2016 tiña o seguinte reparto zonal:




Destaca a zona de Arousa con 1.672 permex, que representa case a metade do total (44%), seguida das zonas de Vigo, Muros e Pontevedra.

O Berberecho na Ría de Muros-Noia

A partir dos últimos datos facilitados por Pescagalicia, podemos observar o liderado que a Ría de Muros e Noia ten actualmente na produción de berberecho, onde representa mais do 75% da facturación total galega.




A evolución das distintas zonas, en canto á produción de berberecho, reflíctese no seguinte cadro. Se partimos do ano 2006 como ano base, a zona de Muros-Noia acada no ano 2017 un crecemento do 50%, pola contra nas demais zonas de Galicia cae cando menos nun 50%. A zona peor parada é a de Pontevedra onde a produción actual representa menos do 5% do que estaba extraendo no ano 2006.



Segundo Bibiana Solís, bióloga da confraría de Noia, o rendemento da superficie produtiva de berberecho na zona de Noia é notablemente superior á do resto de Galicia, se “extrapolamos a ratio de produción en kg por superficie produtiva que se dá en Noia ao resto de Galicia, multiplicariamos por tres a produción Galega”. Segundo esta experta, os bancos marisqueiros de Noia están rodeados e protexidos por un amplo sistema de marismas na desembocadura do río Tambre, polo que a produción marisqueira depende da conservación deses humedais.

As Rendas no Marisqueo a Pé

O Diagnóstico sobre la Situación Profesional de las Mujeres en el Oficio del Marisqueo en España, elaborado pola Red Española de Mujeres en el Sector Pesquero, di que a renda media anual no marisqueo a pé en Galicia no ano 2015 era de 7.537 euros, e amosaba flutuacións propias da actividade, pero con aparencia de estancamento desde o ano 2010, tal e como se amosa no seguinte gráfico:



O citado diagnóstico informa sobre os datos económicos do marisqueo a pé referidos a tres confrarías da ría de Vilagarcía.

	Ano 2015		
	Ingresos Anuais	Días traballados	Ingreso Diario
	11.042,00	138,03	88,00
	10.666,00	121,20	88,00
	6.902,00	111,32	62,00
	Ano 2014		
	Ingresos Anuais	Días traballados	Ingreso Diario
Confraría de Cambados	10.937,00	138,44	79,00
Confraría do Grove	10.071,00	127,48	79,00
Confraría da Illa de Arousa	7.068,00	112,19	63,00

Os datos das rendas medias en Muros e Noia, para o período 2010-2017, do marisqueo a pé no contexto galego amósanse no seguinte cadro.


Marisqueo a pé - Ingresos medios por mariscadora (€)								
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Ingresos anuais								
Galicia	7800	7700	6500	5750	6512	7537		
Concesión Muros	3607	3063	6245	5083	3982	3023	5726	5630
Concesión Noia	7230	9071	7550	5824	7402	8565	5690	10171
Grupo Muros-Noia	10838	12134	13795	10907	11384	11588	11416	15801
Ingresos diarios								
Galicia								
Concesión Muros	80	99	112	106	95	94	108	108
Concesión Noia	127	124	106	104	100	116	116	141
Grupo Muros-Noia	106	117	109	105	98	109	112	127

Na primeira fila móstranse as rendas medias anuais das mariscadoras a pé para o conxunto de Galicia (Fonte: Diagnostico sobre la Situación Profesional de las Mujeres en el Marisqueo). Na segunda e terceiras filas, cóllense as rendas medias anuais obtidas nas concesións de Muros e Noia respectivamente. O Grupo Muros-Noia refírese ao grupo de 146 profesionais que marisquea tanto en Muros como en Noia, en base ao convenio antes sinalado entre ambas as confrarías.

Os ingresos medios diarios por mariscadora no ano 2017 variaron entre os 127 euros para o Grupo Muros-Noia e os 141 euros para as mariscadoras de Noia que non van a Muros (non participan do convenio). Como se pode observar, as que non van a Muros, teñen uns ingresos diarios maiores, pero unhas rendas anuais inferiores. Isto é motivado pola elevada rendibilidade diaria da campaña de Noia, se ben máis curta; fronte á de Muros que é mais extensa, tal e como se aprecia no seguinte cadro:

Marisqueo a pé - Días efectivamente traballados								
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Galicia								
Concesión Muros	45	31	56	48	42	32	53	52
Concesión Noia	57	73	71	56	74	74	49	72
Grupo Muros-Noia	102	104	127	104	116	106	102	124

A seguinte gráfica recolle as dinámicas dos ingresos medios anuais, tomando como ano base o 2010 (punto de partida).



Podemos apreciar que fronte ao estancamento das rendas medias galegas (só temos datos ata o ano 2015), para o marisqueo a pé tanto o Grupo Muros-Noia como as que operan só en Noia presentan valores anuais que superan os do ano 2010.



O VALOR DO PLAN CONXUNTO ESPECIFICO PARA ZONAS DE LIBRE MARISQUEO RÍA DE MUROS-NOIA

Antecedentes

As Confrarías da Ría de Muros e Noia veñen explotando tradicionalmente os bancos da zona de libre marisqueo a pé da ría sometidos ao Plan Xeral de Explotación Marisqueira sen plan específico.

Nos últimos anos, as mariscadoras a pé estaban observado con preocupación como eses bancos, escasamente aproveitados, son unha importante oportunidade que se está perdendo para mellorar as súas rendas.

Este feito deu lugar a que ambas as dúas confrarías presentasen un proxecto conxunto de cooperación ante o GALP N.º 4, denominado **“Deseño e desenvolvemento dun protocolo de coxestión entre as confrarías da Ría Muros-Noia”**, presentado o 1 de marzo de 2017. Este proxecto contempla dous grupos de actividades, un primeiro relativo a aspectos prácticos, que ten como obxectivo fundamental establecer as bases dun acordo entre ambas as confrarías para poder formalizar un plan de explotación conxunto para as zonas de libre marisqueo a pé; e un segundo grupo de actividades, destinadas ao desenvolvemento do coñecemento aplicado sobre coxestión, cooperación e gobernanza, sobre a base deste “caso” de colaboración.

Así pois, este plan conxunto específico para zonas de libre marisqueo na ría de Muros–Noia foi o resultado práctico dese primeiro grupo de actividades. Dentro deste marco, tiveron lugar as conversas, entrevistas e obradoiros que culminaron nun acordo entre ambas as dúas confrarías.

Como paso previo á formalización do acordo, realizou-se unha análise a través da cal se identificaron os aspectos positivos e oportunidades que ofrecía o plan así como os aspectos negativos, atrancos ou ameazas. En resumo, os aspectos máis destacados do diagnóstico foron os seguintes:

Aspectos Positivos / Oportunidades

- Hai zonas de libre marisqueo “bastante” ricas, como a de Esteiro, que non se están aproveitando axeitadamente.
- O Plan é unha oportunidade para frear o furtivismo, que está proliferando nesas praias.
- Xa existe un antecedente de “éxito” que é o Plan Conxunto para o marisqueo a flote.
- Existen varios proxectos de colaboración entre as confrarías de Noia e Muros, ente os que destaca un convenio para compartir as zonas de autorización.
- Muros e Noia teñen plans de explotacións complementarios no tempo, de maneira que se evita a competencia e o exceso de oferta.
- GALP pode axudar a aglutinar e coordinar distintos axentes, especialmente para contribuír en termos de vixilancia.
- Os coidados e melloras que contempla o Plan van redundar en melloras nos próximos anos.

Aspectos Negativos / Ameazas

- Desenvolver o plan de explotación vai ter custes, e vai requirir esforzos e dedicación.
- Pode haber “filosofías” distintas na forma de xestionar que dean lugar a discrepancias.
- Actualmente, hai poucas actuacións de vixilancia na Ría de Muros-Noia por parte dos corpos autonómicos e a Policía Local: “non axudan nada”.

Aspectos de interese do plan conxunto de explotación para as zonas de libre marisqueo

As zonas de produción previstas no plan son os bancos marisqueiros da Praia de Esteiro e desembocadura do río Esteiro, e a praia do Castelo, as dúas no concello de Muros. A superficie intermareal total estimada é de 170.000 m².

Na táboa seguinte móstrase o número de permex de todas as mariscadoras a pé da Ria de Noia-Muros. Actualmente, as únicas confrarías con marisqueo a pé na ría son Muros e Noia, xa que as mariscadoras das confrarías de Portosín e Porto do Son están integradas na Confraría de Noia dende finais do 2003.

CONFRARÍA	N.º DE PERMEX A PÉ	N.º DE PRAZAS NO PLAN
NOIA	395	71
MUROS	71	30
TOTAL	466	101

Xa que o número de prazas no plan conxunto (101) é inferior ao número de profesionais (466), é preciso establecer quendas. O número de prazas para as mariscadoras de Muros será de 30 e para as mariscadoras de Noia será de 71. As mariscadoras da confraría de Noia que participan por sorteo anual, no plan da Confraría de Muros, van a participar tamén no plan conxunto. Na Confraría de Muros o sorteo farase entre todos os interesados.

Os demais acordos adoptados e que se trasladaron ao plan de explotación conxunto son os seguintes.

Aspecto	Acordo adoptado
1- Organización-Coordinación	2 persoas de cada agrupación con apoio das asistencias técnicas
2 - N.º de mariscadoras	101 persoas
3 - Participación de cada confraría	71 mariscadoras de Noia e 30 de Muros
4 - Calendario	25 días ao longo dos meses de abril e maio
5 - Topes de capturas	10 de berberecho; 3 ameixa fina; 3 ameixa babosa; 3 ameixa xaponesa; 3 ameixón; 3 cornicha
6 - Como se organiza a vixilancia	2 persoas nos meses de abril, maio, xuño, xullo e agosto
7 - Como asegurar o cumprimento dos compromisos	Obrigatoriedade de realizar as vixilancias e traballos programados para renovar PERMEX
8 - Onde se vende	Lonxa de Esteiro e Muros
9 - Quen presenta o Plan Conxunto	Confrarías de Noia e Muros. A entidade encargada de tramitar o Plan e facer os seguimentos no ano 2017 é Muros

O Valor do Plan Conxunto

A posta en marcha deste Plan queda xustificado sobre a base das seguintes consideracións:

- Espérase obter un mellor aproveitamento económico tanto a nivel de cantidades como a nivel de prezos, cun impacto directo na rendas das mariscadoras.
- Vaise contribuír a desestacionalizar a oferta deste tipo de moluscos, xa que se van desenvolver as actividades nos meses de abril e maio, meses que complementan a actividade das zonas de autorizacións, dando lugar a unha maior regularidade nos ingresos para as mariscadoras.
- Vaise aumentar a diversificación xeográfica do recurso, o que redunda nun menor risco económico para as mariscadoras.
- Créanse oportunidades para que máis mariscadoras poidan reducir a temporalidade, dado que se prevé crear uns 25 días anuais máis de actividade para 101 mariscadoras.
- Actúase contra o furtivismo, pódolle freo ao desenvolvemento de redes mafiosas que actualmente están proliferando cos incentivos que dá a facilidade e o pouco risco que supón actuar nas zonas de libre marisqueo.

- Intensifícase a vixilancia para preservar o recurso, de forma que as mariscadoras que explotan os bancos teñen a obriga de facer vixilancias.
- Farase unha extracción máis equilibrada desde a perspectiva medioambiental.
- Vanse facer labores de limpeza e conservación que redundarán en melloras ambientais e económicas.
- Vaise reforzar a coordinación temporal dos plans de Noia e Muros, reforzando a conexión entre ambas as confrarías.
- O proxecto promove a comunicación entre as entidades participantes no proceso, feito que reforzará as boas relacións existentes, mellorando a confianza mutua e a colaboración noutros eidos de interese común.
- A xestión conxunta vai favorecer a aprendizaxe mutua e a convivencia entre as mariscadoras das dúas confrarías.
- Vaise mellorar a información económica e biolóxica sobre a zona.
- O Proxecto está encabezado por mulleres mariscadoras, presidentas das agrupacións, e así permitirá unha maior visualización do seu labor e os resultados acadados redundarán nunha mellora do autoestima feminina e do seu empoderamento.

- Eleva a formación de mariscadores/as desde unha proposta dinámica: *learning to doing*.
- Este modelo pode ser exemplar e guía para outras zonas marisqueiras en toda Galicia que contribuirán tamén ao mesmo fin.

En definitiva, o presente plan pretende mellorar e diversificar a renda das mariscadoras, contribuíndo a profesionalizar o marisqueo e favorecendo unha explotación racional do recurso.

“En Galicia temos exemplos moi destacados de recursos de uso común entre os que destacan as augas de regadío e as fontes de auga potable, os montes en man común e os recursos pesqueiros e marisqueiros”



SEGUNDA PARTE

Análise das agrupacións de mariscadoras a pé das confrarías de Muros e Noia a partir da teoría da xestión do común de Elinor Östrom.

As pesqueiras artesás e o marisqueo un Recurso de Uso Común

En Galicia, temos exemplos moi destacados de recursos de uso común entre os que destacan as augas de regadío e as fontes de auga potable, os montes en man común e os recursos pesqueiros e marisqueiros. Sobre todos eles, contamos na nosa Comunidade cunha longa tradición e bo facer. Moitas das comunidades que xestionaban eses recursos perduraron durante séculos ata a actualidade; nun lugar destacado sitúanse as confrarías de pescadores.

Estímase que a metade do peixe que se consume, procede de capturas que se realizan en pesqueiras que operan dentro de espazos de uso común. Este sistema de xestión da ocupación afecta ao 90% dos pescadores de todo o mundo.

Atendendo o modelo conceptual de Östrom, as pesqueiras e os bancos marisqueiros son recursos comúns porque reúnen as seguintes características:

- a) A pesca e o marisco son recursos naturais moi apreciados, e polo tanto desexables por todos os profesionais deste sector.
- b) O recurso é renovábel, dado que se reproduce por si mesmo, pero a capacidade de reprodución é limitada, é dicir, non se poden facer peixes como parafusos.
- c) Existe rivalidade para o acceso ao recurso, dado que calquera profesional pode acceder ao recurso; o que pesca un profesional non queda dispoñible para os outros.
- d) Os bancos pesqueiros e marisqueiros son de gran superficie, polo que é custoso vixiar e excluír as persoas non autorizadas (furtivos), e facer cumprir as normas de acceso ao recurso (furtivismo interno).

A traxedia dos comúns

O mar é un dos poucos bens que dende antigo vén mantendo o seu carácter comunal; este feito favoreceu que nas nosas costas se desenvolvese un modelo de xestión asociativa, as Confrarías. A misión destas entidades é regular as pesqueiras e velar pola paz social.

As Confrarías de pescadores galegas representan una forma de xestión do litoral que de xeito tradicional veñen utilizando as nosas xentes do mar. Daquela, a tecnoloxía e a demanda de recursos pesqueiros eran escasas e non impedían facer una explotación máis ou menos equilibrada do recurso. Hoxe en día, temos un escenario moi diferente, coas mellores técnicas e a crecente demanda dos produtos do mar, os comportamentos individualistas - excluíntes resultan perniciosos para o medio e para os propios mariñeiros. O reto que temos que afrontar é como conxugar a supervivencia das actuais e tamén das futuras xeracións de pescadores.

Segundo a FAO no seu derradeiro informe, cando os dereitos de pesca son individuais, os resultados económicos e biolóxicos tenden a alcanzarse, pero non os resultados sociais. E pola contra, no caso dos dereitos de pesca comunitarios, os resultados económicos e biolóxicos tenden a ser peores, pero se logran mellores resultados sociais.

Garret Hardin (1968), que estudou a xestión dos comúns, advírtenos do proceso ruinoso que acontece cando os individuos tenden a aumentar os seus comportamentos egoístas ante a situación de escaseza dun ben común; nesta situación, desátanse comportamentos non cooperativos que

aceleran a degradación do ben, dando lugar o que Hardin chamou a *traxedia dos comúns*. Este científico relata o caso dunha comunidade rural que explota un prado en común, ao que durante séculos a xente da aldea levou a pastar as súas ovellas. En determinado momento, algúns veciños empezaron a aumentar os seus rabaños. Isto desatou a envexa dos demais, que imitaron o seu comportamento ata que o pasto se esgotou, de xeito que ningún veciño puido alimentar as súas ovellas.

Segundo este autor, os recursos comunais, como acontece co marisqueo, van ter unha fin trágica; é dicir, os intereses individuais impóranse aos intereses colectivos e o recurso rematará esquilado. Desde que Hardin publicou a súa teoría, moitos estudosos e políticos de distintos ámbitos promulgaron iniciativas para “disolver” os recursos de uso común. Por un lado están os centralizadores ou estatistas que propoñen nacionalizar e asumir integramente a regulación deses recursos; e por outro lado, están os que propoñen a privatización completa, de maneira que unha persoa ou empresa teña a exclusividade sobre unha parcela do recurso, como acontece en Carril.

Östrom aposta por solucións alternativas ás dos teóricos do estado e aos da privatización, pois esas non son as únicas vías para resolver os problemas aos que se enfronta a xestión dos recursos comúns. Na súa longa traxectoria de investigación, estudou miles de casos de xestión de bens comúns en todo o mundo e puido constatar que a autoxestión e a co-xestión dos recursos de uso común, pode ser un fracaso ou pode ser un éxito, depende dun conxunto de elementos que explicaremos en detalle nas vindeiras páxinas. Esta autora

cita, entre outros casos de éxito, os sistemas de regadío de Valencia, Murcia e Alicante, modelos exemplares de longa duración xa que levan funcionado desde a Idade Media. No seu libro *El gobierno de los bienes comunes*, tamén fai unha análise de casos de claro fracaso da autoxestión, entre eles se encontran unha pesqueira en Turquía e outra en Sri Lanka.

En definitiva, o futuro non está trazado, a viabilidade na xestión dos recursos de uso común vai a depender de como se fagan as cousas, para o cal Östrom nos dá unha serie de recomendacións para o autogoberno. Nos seguintes apartados, imos utilizar a súa metodoloxía para analizar a xestión dos bancos marisqueiros que fan as agrupacións a pé das confrarías de Muros e Noia.

Principios de diseño e actuación institucional

A cuestión central que formula Östrom, e que vén ao caso, é a seguinte: como un grupo de xente con intereses particulares nunha contorna de uso colectivo poden organizarse e gobernarse a si mesma para obter beneficios conxuntos ao longo do tempo, malia todos estar tentados a eludir responsabilidades ou a actuar oportunamente.

Pois ben, a resposta a esta cuestión debemos canalizala a través dos oito principios de diseño e actuación institucional que esa autora propón.

- 1) Límites claramente definidos:** as persoas autorizadas para mariscar deben estar definidas, así como os límites das zonas onde poden mariscar.

- 2) **Coherencia entre as regras de extracción e as obrigas das mariscadoras coas condicións locais:** as regras de extracción que establecen tempos, lugares, artes de marisqueo e cotas deben estar relacionadas coas condicións específicas de cada agrupación de mariscadoras e tamén coas obrigas de traballo, vixilancia etc.
- 3) **Participación nas regras operacionais:** todas as mariscadoras deben poder participar na modificación das regras relativas á xestión da extracción: cando mariscar, como mariscar, cotas etc.
- 4) **Supervisión e vixilancia:** os encargados de supervisar e vixiar o recurso e o comportamento das mariscadoras deben ser as propias mariscadoras, ou persoas que rendan contas ante as mariscadoras e as súas organizacións.
- 5) **Sancións graduadas:** as mariscadoras que non respecten as regras e acordos deberán ser sancionadas de acordo coa gravidade da súa falta e o contexto da infracción.
- 6) **Mecanismos para a resolución de conflitos:** as mariscadoras e as confrarías deben ter acceso rápido a instancias que permitan resolver, a baixo custo, os conflitos entre elas e con outros axentes, sen necesidade de gastar importantes sumas de cartos.
- 7) **Recoñecemento mínimo de dereitos de organización:** as mariscadoras deben ter dereito a constituír as súas propias entidades sen impedimento algún por parte das administracións públicas.
- 8) **Entidades aniñadas:** na xestión do recurso interveñen varias organizacións a distintos niveis.

A continuación imos analizar como se están aplicando estes principios nos bancos marisqueiros a pé baixo as autorizacións das confrarías de Muros e Noia.

Límites claramente definidos


O primeiro principio que Östrom establece para a boa marcha dun recurso común fai referencia tanto a clarificación dos límites territoriais do recurso (zonas de marisqueo), como os referidos aos usuarios autorizados para acceder ao recurso.

Así pois, no referente ao marisqueo a pé, deben existir regras que establezan os seguintes aspectos:

- a) Os límites físicos das zonas marisqueiras xestionadas deben estar claramente determinados.
- b) Os mariscadores/as autorizadas deben estar definidas obxectivamente.

Este último punto é de gran transcendencia para a viabilidade do recurso. Unha das causas principais que levan a moitas experiencias de autogoberno de recursos comúns ao desastre é a atomización das ganancias; isto acontece cando o número de mariscadoras crece a mais ritmo que o valor do recurso. Cando os ingresos que obteñen as mariscadoras se fan moi pequenos, medra a despreocupación que redunda en desdén e en comportamentos irresponsables.

A atomización das ganancias chegou a ser a grande ameaza para o recurso nas décadas previas á profesionalización do



“Unha das causas principais que levan
a moitas experiencias de autogoberno
de recursos comúns ao desastre
é a atomización das ganancias”

marisqueo a pé iniciada nos anos noventa. Grazas ao labor conxunto da administración autonómica e o liderado dun amplo número de mulleres do sector, conseguiuase erradicar esa ameaza. Un conxunto de actuacións, ben deseñadas, permitiron implantar a afiliación obrigatoria das mariscadoras a pé á seguridade social e a regulación efectiva do chamado Permex.

Tradicionalmente o dereito dos mariñeiros sobre os territorios de pesca baséase na tenencia: durante xeracións pescaron nesas zonas e considéranse donos en exclusiva deses recursos. Segundo María do Carme García Negro, en Galicia, a norma que rexía era a propiedade comunitaria dos veciños da ribeira: “Esa comunidade, perfectamente recoñecida nos seus límites polos habitantes que historicamente poboearon as rías, exercía un dereito de propiedade sobre os recursos das praias” .

O habitual era impoñer esa norma consuetudinaria pola forza, xa que os mariñeiros e as mariscadoras non podían acudir ás autoridades públicas. Neste sentido, aínda se contan anécdotas nas que as embarcacións foráneas son expulsadas dos caladoiros por flotillas locais.

Asemade, tamén era habitual enrolar nas embarcacións só os habitantes dos lugares costeiros. Contábanos un mariñeiro nacido no 1920, que sendo rapaz conseguiu praza para sardiña dicindo que era de Tirán (Moaña), xa que os patróns non querían os rapaces das parroquias do interior. Este costume, que pode parecer un simple capricho, tiña moita importancia, cando menos por dúas razóns: a) A necesidade de ter a tripulación nun area xeográfica reducida para poder avisar persoalmente das ordes para ir

ou suspender a marcha ao mar; b) Os barrios mariñeiros tiñan poucas zonas de labranza, o que obrigaba aos mariñeiros a acudir para embarcarse por pura necesidade vital ao carecer doutras alternativas ocupacionais.

Para o caso que estamos a estudar, sen dúbida algunha, as confrarías de Muros e Noia, cumpren este principio de ter os límites claramente definidos. En canto ás persoas autorizadas, segundo a normativa autonómica, identifícanse co permiso de explotación específico do marisqueo a pé.

Os ámbitos territoriais das autorizacións tamén están perfectamente determinadas. Non obstante, mentres que a agrupación de mariscadoras a pé de Muros dispón dunha área de marisqueo exclusivo, na confraría de Noia existe un plan conxunto de a pé e a flote, de maneira que ambas as agrupacións comparten espazo de extracción. Esta formula, aínda que presenta algunhas vantaxes, réstalle autonomía á agrupación de mariscadoras a pé de Noia.

Coherencia entre as regras de extracción e as obrigas das mariscadoras coas condicións locais

As regras de extracción que establecen tempos, lugares, artes de marisqueo e cotas, deben estar relacionadas coas condicións específicas de cada agrupación de mariscadoras e tamén coas obrigas de traballo, vixilancia, etc.

Na medida que existe un plan de explotación que adapta as regras de extracción e as obrigas das mariscadoras ás condicións locais do recurso e do mercado se está cumprindo con este principio. Ambas as confrarías dispoñen dos seus plans de xestión anual que establecen cando menos os seguintes contidos (Orde 23/12/2017 da Consellería do Mar):

- Obxectivos de explotación
- Avaliación do recurso
- Plan de extracción e comercialización
- Plan financeiro

Con todo, pola gran relevancia deste principio, cabe facer-lles dúas recomendacións de carácter xenérico ás agrupacións de mariscadoras a pé:

- 1) Mellorar, se cabe, os procesos de debate e comunicación, coa finalidade de adaptar o plan de explotación ao contexto de cada agrupación, onde, ademais da situación biolóxica do recurso, se atendan os intereses sociais e económicos das mariscadoras da agrupación. Neste punto a agrupación de Noia, debido ao número elevado de mariscadoras, ten un maior reto que afrontar, xa que o tradicional método de boca-oído, pode resultar insuficiente.

- 2) Avanzar no grao de autonomía tanto no relativo ás normas organizativas como de explotación do recurso, analizando tanto os estatutos da confraría como os regulamentos internos, co fin de dotarse das máximas competencias a nivel operativo. Ás veces, parece que a autonomía das agrupacións de mariscadoras é insuficiente, e as directivas atopan problemas difíciles de xestionar. Un claro exemplo, destas restricións tivo lugar cando no plan conxunto Muros-Noia houbo que detallar as vixilancias a realizar. O problema a resolver era como compensar as mariscadoras que tiñan que facer quendas de vixilancias gratuítas, mentres as súas compañeiras estaban mariscando e gañando o xornal. Pois ben, segundo algunhas opinións, as agrupacións non tiñan competencias suficientes para facerlles retencións ás mariscadoras e crear un fondo co que compensar os xornais perdidos por vixilancias.

Con todo este proceso **debe buscarse a eficiencia do sistema, atendendo as condicións específicas locais, evitando a xeneralización.** Noutras palabras, “Noia é Noia e Muros é Muros” cada unha ten que deseñar un plan atendendo ás súas condicións particulares.

Ademais, é preciso coñecer toda a potencialidade de auto-gobernarse que teñen as confrarías e as agrupacións, e se son insuficientes débese demandar da administración autonómica as reformas que sexan precisas para mellorar a eficiencia destas entidades, eliminando os procedementos burocráticos innecesarios.

Participar na modificación das regras operacionais

Todas as mariscadoras deben poder participar na modificación das regras relativas á xestión da extracción, organización e comercialización da produción: cando mariscar, como mariscar, cotas, etc. Este principio está moi vinculado ao anterior, dado que o xeito de darlle coherencia e lexitimidade ás regras que teñen que ver co día a día da agrupación é permitíndolles ás mariscadores modificalas e adaptalas ás circunstancias cambiantes.

A principal norma operacional da agrupación é o plan de explotación: todas as mariscadoras deben poder participar na súa elaboración. Asemade, debe existir un protocolo entre as confrarías e a Consellería do Mar para modificar a normativa específica sobre o marisqueo. Tal e como di Juan Luís Alegret, a coxestión supón a participación activa de ambas as dúas partes na actualización das normas, indo mais alá da mera consulta ao sector.

Ningunha autoridade pública é capaz de recadar toda a información necesaria sobre mercados, profesionais, tempos, lugares e artes para deseñar un conxunto de regras congruentes coas particularidades de cada situación local. Östrom, conta como os funcionarios de Canadá emprenderon accións regulamentarias que desfizeron as institucións mariñeiras existentes. Pola contra, a regulamentación de pesca de Terranova basicamente codificaron en leis as normas consuetudinarias existentes nas localidades.

Os modelos de xestión participativos favorecen a interiorización das normas. Se o individuo é parte activa na elaboración dos seus regulamentos, terá mais dificultades para

rompelos; e se a norma é compartida o individuo que non a respecte estará exposto á reprobación do grupo. Ademais, o cumprimento continuado das normas cala na persoas e se converte en hábito ou costume; e un bo costume é unha grande aliada da autoxestión.

Un dos elementos máis importantes que afectan ás normas compartidas son as expectativas ou comportamentos esperados que os mariñeiros e mariscadoras teñan respecto dos seus semellantes. Se desconfían dos seus compañeiros, pensando que os demais non van respectar os acordos fixados, entón, eles estarán tamén dispostos a incumprilos. A mellor receita é dispoñer dun conxunto de normas claras e maioritariamente compartidas

A autoxestión permite establecer estratexias continxentes, aquelas que dependen de como vaian as cousas. E dicir, se os demais cumpren a súa parte eu tamén cumpro, se os demais non cumpren eu tampouco. Ninguén quere ser o parvo que atende un compromiso que todos os demais están rompendo.

No caso de Noia, para poder lidar con 800 mariscadores (a pé e a frote), e levar adiante un proceso participativo robusto que culmine cun plan de explotación compartido, pode ser preciso que as directivas da agrupación contén cun forte apoio de persoal técnico, para o que será conveniente desenvolver unha metodoloxía adaptada ás características propias da agrupación.

Buscar a maximización das ganancias a curto prazo, en resposta a subidas de prezos pode ser unha estratexia que poña en perigo o recurso. É preciso compaxinar as necesidades do

curto prazo coas do longo prazo. O reto da sustentabilidade supón procurar melloras no presente pero sen comprometer as necesidades das futuras xeracións de mariscadoras.

En opinión de Östrom é difícil introducir cambios na xestión dos recursos cando as cousas van ben, polo que as reformas mais importantes só serán ben acollidas pola maioría despois dunha longa época de vacas fracas. En xeral, as xentes do mar son bastante reacias a cambiar as cousas e a tomarse un tempo de reflexión para planificar e deseñar o futuro.

Supervisión e vixilancia

Os encargados de supervisar e vixiar o recurso e o comportamento das mariscadoras, deben ser as propias mariscadoras ou render contas ante as mariscadoras e as súas organizacións.

Dentro dos distintos traballos e contribucións que poden facer as mariscadoras, ten especial relevancia a vixilancia. É preciso que a xestión realizada teña credibilidade entre as mariscadoras, é preciso que por si mesmas poidan comprobar que as demais compañeiras cumpren co acordado. As mariscadoras son conscientes da ameaza que representa o furtivismo, tanto o externo como o interno. Para poñerlle coto, gañar en credibilidade e frear comportamentos oportunistas é preciso que as propias profesionais participen nos sistemas de vixilancia.

Ademais, en actividades como o marisqueo a pé o propio sistema de organización da extracción favorece a supervisión mutua. O plan de explotación fixa días e horas e puntos de control por onde todas as profesionais deben pasar. Ade-

mais, existe unha directiva democraticamente nomeada que supervisa todo o proceso.

Tamén é habitual que as confrarías contén con gardapescas, ou vixiantes profesionais, que asisten e reforzan o labor realizado polas mariscadoras. Asemade, e desde o ano 2004, o furtivismo está tipificado no código penal español (artigos 334-336) e todos os corpos de seguridade do estado están obrigados a perseguilo. Especial importancia nesta tarefa ten o Servizo de Gardacostas de Galicia, corpo dependente da Consellería do Mar, que ten como unha das súas misións a loita contra o furtivismo no medio mariño.

Faise preciso que existan protocolos de comunicación entre as confrarías e os corpos profesionais de seguridade, especialmente cos corpos especializados como a Policía Autonómica, os Gardacostas e o Seprona, e que periodicamente se habiliten foros e encontros onde as partes avalíen os avances realizados, identifiquen ameazas e se fixen obxectivos en común.

Segundo Östroom, un concepto moi relevante que condiciona o comportamento dos usuarios dos recursos, no noso caso as mariscadoras, é a taxa de desconto coa que operan. Loxicamente ningunha mariscadora fai cálculos financeiros, pero todas elas entenden que un ingreso hoxe ten maior valor que o mesmo ingreso no futuro. Con todo, un dos valores tradicionais das comunidades de pescadores é aproveitar todas as oportunidades, sen preocuparse das consecuencias. A actividade desenvólvese nun contorno duro e a miúdo inhóspito onde as oportunidades se aproveitan ou se perden. En definitiva, o mariñeiro débatesse entre o curto e o longo prazo, entre aproveitar todo o que

Ile cae no aparello ou conservar un recurso para as futuras xeracións, é dicir, unha porta aberta á profesión para os seus fillos e netos.

Varios factores, afectan á taxa de desconto das mariscadoras, algúns dos máis relevantes son os seguintes:

- a) Os niveis de seguridade económica afectan as taxas de desconto: canto mais inseguridade mais altas taxas de desconto. Como consecuencia, e dentro do posible, convén orientar as actividades extractivas cara a unha regularidade nos ingresos, tratando de buscar a sustentabilidade económica e a periodicidade das ganancias.
- b) A seguridade física e a mellora das condicións de traballo reduce a taxa de desconto. Pola contra, as actividades arriscadas elevan a taxa de desconto. Ata hai pouco tempo, o mariñeiro era un home para quen o futuro tiña pouco valor, os continuos riscos que asumía o convertían nun individuo “botado para diante”, que tan pronto gañaba como gastaba.
- c) As taxas de desconto están afectadas á alza pola acción destrutiva de terceiros. É dicir, se o recurso non vai durar, porque ninguén o coida, “déixame aproveitalo mentres podo”. Como xa dixemos, as mariscadoras adoptan estratexias continxentes (aquelas que dependen de como vaian as cousas): as actividades irresponsables dunha minoría poden xerar una espiral perniciosa que arrastre a outras moitas a comportamentos indesexables.
- d) A continuidade familiar reduce a taxa de desconto. Todas as políticas que favorezan a continuidade da

actividade por parte dos descendentes e familiares contribúe á sustentabilidade do recurso. Se os profesionais actuais “ven” un futuro para os seus fillos dentro do sector, estarán mais motivados en conservar o recurso e todo o sistema organizativo que fai posible a súa profesión

- e) O prestixio da profesión reduce a taxa de desconto. Se a profesión de mariscadora é valorada pola sociedade, a profesional sentirase honrada e estará mais motivada a ter comportamentos responsables. En fin, non só de cartos viven as persoas.

A profesionalización do marisqueo a pé, que tivo lugar nos anos noventa, supuxo un grande avance en canto ás condicións de traballo, seguridade económica e prestixio social da profesión. Este feito, ten contribuído a converter as mariscadoras a pé en auténticas valedoras da conservación do recurso e do seu xeito de vida.

Os elementos que melloran a capacidade das mariscadoras de xuntarse e comunicarse, mentres participan nas actividades profesionais, tenden a diminuír os custes de vixilancia e de imposición de regras. Ademais, tamén son positivas as actividades que dan transparencia sobre as extraccións que cada un fai do recurso, tales como lonxas, puntos de control, etc.

Consideramos que o furtivismo interno, o realizado polas propias profesionais, no marisqueo a pé nas confrarías de Muros e Noia está practicamente erradicado. Os mecanismos de vixilancia e control, xunto cun sofisticado sistema de autoxestión e planificación da extracción, crean unhas

condicións obxectivas que dificultan grandemente os comportamentos oportunistas dos profesionais a pé.

Sancións graduadas

As mariscadoras que non respecten as regras e acordos deberán ser sancionadas de acordo á gravidade da súa falta e ao contexto da infracción. A vixilancia e as sancións son necesarias para manter unha taxa de cumprimento das regras suficientemente alta como para evitar que se desencadee un proceso de involución.

É moi importante que as sancións sexan axeitadas á gravidade; as sancións desproporcionadas ou inxustas poden motivar mais infraccións, dado que enfurecen ao infractor contra a organización. Asemade, a entidade que impón a sanción debe ter en conta o contexto material e persoal do sancionado. Por poñer un exemplo, non se debe sancionar da mesma maneira ao que infrinxe “obrigado” por carencias persoais ou familiares, que ao que infrinxe por avaricia.

As agrupacións de mariscadoras a pé da confrarías de Muros e Noia dispoñen dos seus regulamentos internos, que conteñen un réxime disciplinario que distingue e gradúa as infraccións e sancións. Afortunadamente, aínda que ás veces belixerantes, as mariscadoras das agrupacións de Muros e Noia non tiveron que iniciar procedementos sancionadores contra ningún dos membros, desde hai máis dunha década.

“A través dun complexo sistema que compaxina costumes ancestrais e novidosos regulamentos o pescador e a mariscadora está diariamente obrigado/a a compartir un espazo, un recurso que é o seu medio de vida”



Mecanismos para a resolución de conflitos

As mariscadoras e as confrarías deben ter acceso rápido a instancias que permiten resolver, a baixo custo, os conflitos entre eles e con outros axentes sen necesidade de gastar importantes sumas de cartos.

En organizacións como as agrupacións, resulta evidente, que debe existir algún mecanismo para discutir e resolver as disputas. Se se lle permite a algunha mariscadora incumprir as normas, resulta previsible que se desaten comportamentos similares nas súas compañeiras que “non queren ser menos”. A cousa agrávase cando as infraccións son fragrantas ou as actitudes desafiantes.

No ámbito das confrarías, só hai que seguir a prensa local para constatar a existencia do que comunmente se denomina “unha elevada conflitividade” do sector. Isto non debe sorprendernos se consideramos que un dos poucos colectivos que coxestiona os seus recursos profesionais, son as xentes do mar. A pesca artesanal e o marisqueo son o último reduto onde todo un colectivo vive dun recurso compartido. A través dun complexo sistema que compaxina costumes ancestrais e novidosos regulamentos o pescador e a mariscadora están diariamente obrigados/as a compartir un espazo, un recurso que é o seu medio de vida. Por conseguinte, están expostos a “roces” e conflitos como en ningunha outra profesión, e tamén por que non, a tender lazos de camaradería.

Ademais, outros factores como a cultura costumista xogan un papel moi relevante. Neste contorno, as discrepancias

resólvense “dicindo as cousas á cara” sen mediación de avogados e institucións. É habitual que as xentes do mar tomen as decisións pola súa conta e risco, sen previas consultas, con certa paixón e sen ter en conta as consecuencias. Por outro lado a dureza do oficio vai calando e forxando un carácter rudo, especialmente nas persoas que non equilibran o seu traballo con outras actividades sociais.

A FAO valora como tendencia moi favorable o recoñecemento das institucións consuetudinarias, baseadas nos costumes, para a resolución de conflitos e na ordenación pesqueira. Neste senso, Östrom destaca a importancia que ten dispoñer de mecanismos de resolución rápidas ou incluso inmediatas para as pequenas infraccións. Cando os mecanismos son lentos e custosos perden a capacidade de inhibir comportamentos indesexados, é dicir, perden a súa capacidade exemplificadora. Asemade, é conveniente que, polo menos nunha primeira instancia, o órgano que xulga e ditamina estea formado por persoas coñecedoras da realidade social e do recurso.

Tamén debemos considerar a capacidade que ten o “conflito” como elemento dinamizador das organizacións, sempre que este se manteña en niveis razoables e non derive en loitas fraticidas. Aínda que non resulta desexable por si mesmo, non se debe renunciar aos litixios se son necesarios para modificar regras que van en contra da sustentabilidade do recurso e do sector.

Afortunadamente, a violencia física, que aínda perdura nalgúns sectores da pesca artesanal pode considerarse desterrada das agrupacións de mariscadoras a pé de Muros e

Noia, onde a litixidade é moi baixa. A maioría das infraccións arránxanse na praia a base de chamadas de atención por parte da presidenta da agrupación. Hai máis dunha década que non é preciso iniciar procedementos formais para sancionar a algún membro da agrupación.

Os regulamentos internos das agrupacións establecen que órganos da confraría están capacitados para iniciar e impoñer as sancións aos membros, en función da gravidade da mesma. As máis leves impoñenas as presidentas das agrupacións ou os patróns maiores, as máis graves sanciónanas as Xuntas Xerais ou as Asembleas das confrarías.

Recoñecemento mínimo de dereitos de organización

As mariscadoras e mariscadores deben ter dereito a constituír as súas propias organizacións e definir as normas internas sen impedimento algún por parte das Administracións Públicas.

Ninguén discute a necesidade dunha axencia estatal para regular exhaustivamente a pesca de altura, pero no que á pesca artesanal e ao marisqueo se refire é preciso conservar a cultura, costumes e organizacións que demostraron a súa eficiencia ao longo de séculos. Segundo conta Östrom, en moitos casos, as medidas centralizadoras dos estados desfizeron as organizacións mariñeiras, e aumentaron así os problemas.

A conservación das tradicións e organizacións mariñeiras non significa que nada teña que mudar, mais ben o contrario, supón avaliar e actualizar esa cultura para adaptala aos novos tempos, co obxecto de velar pola sustentabilidade do recurso e acrecentar a calidade de vida das comunidades costeiras.

Unha Administración eficiente crea foros e facilita a interacción de funcionarios, técnicos e o sector. **O reto consiste en poñerse no pelexo das xentes do mar e establecer relacións de confianza, deixando atrás a idea de que as mariscadoras e os mariñeiros son parte do problema e que os funcionarios e científicos son a solución.** Tal e como aconteceu co proceso de profesionalización das mariscadoras de pé, fai falla unha visión de futuro por parte dos responsables políticos e introducir os facilitadores necesarios (normalmente persoal técnico motivado e formado), que rompan as dinámicas estancadas, xeren confianza e constrúan conxuntamente alternativas de futuro. Conta Elinor Östrom, que moitas das historias exitosas de xestión de recursos comúns foron combinacións frutíferas de entidades públicas e privadas.

Se ben é certo que, ás veces, o sector é incapaz de chegar a acordos ou encontrar solucións, tamén pode acontecer que a imposición de normas por parte da administración resulte contraproducente. Establecer regras que son ignoradas e maioritariamente incumpridas rompe os lazos de confianza entre a administración e as xentes do mar, e crea problemas tanto para uns como para outros. Debemos ter en conta que, no ámbito da pesca artesanal, predomina unha cultura conservadora onde os cambios non son benvidos polo menos mentres as “ cousas marchen ” relativamente ben.

Neste senso, podemos ver como de cando en vez, na prensa local e nas páxinas de marítima da prensa autonómica, aparecen novas relacionadas coas reaccións furibundas que xeran nos profesionais do mar certos regulamentos. É común que o lexislador de ámbito estatal ou europeo non

teñen en conta a complexidade e características propias da pesca artesanal e do marisqueo en todas as súas vertentes. O último episodio foi a obrigatoriedade das bombas de aire para os profesionais da navalla (La Voz de Galicia 27/02/2018), e con anterioridade fora a obrigatoriedade dunha macro-botica de primeiros auxilios na pesca de baixura (La Voz de Galicia 12/05/2017). Sen lugar a dúbidas, a imposición deste tipo de regulamentos, realizada por xente que ignora a realidade técnica e social da pesca artesanal, xeran moitos máis problemas dos que resoven: sementan a desconfianza entre as institucións públicas e os profesionais do mar, que se senten incomprendidos e ignorados; e como todos sabemos, a crítica esténdese a todas as institucións, sexan ou non responsables da medida. Normalmente os peor parados son as propias confrarías e a “Consellería” (do Mar), é dicir, as entidades máis próximas aos pescadores. Así pois, este tipo de normas externas “botan polo chan” os esforzos destas entidades por crear un contexto de confianza entre os principais axentes implicados na gobernanza do sector.

Acontece tamén que as presións ou imposicións externas poidan levar as xentes do mar a posicións frontistas, pasando de posturas dialogantes a outras máis radicalizadas. Contaba un patrón maior o que aconteceu cando chamaron da Consellería a varias confrarías da Coruña a consultas para modificar o regulamento dunha arte de pesca. O responsable político naquel entón, intentando “presionalos” díxolles que estaba alí para oílos pero que a decisión xa estaba tomada. Esta postura alporizou os presentes que de xeito unánime se enrocaron na postura contraria.

Na opinión de Östrom, as políticas rexionais e nacionais poden ser esenciais para que os mariñeiros constrúan as súas propias organizacións. Os gobernos deben concederlles autonomía ás mariscadoras e aos mariscadores para crear organizacións fortes e responsables, dotarse de órganos reitores e sistemas de resolución de conflitos. Esta autonomía non impide que os funcionarios da administración asuman responsabilidades de supervisión e dinamización. Outro labor da administración é a de contribuír a modificar o estatus quo, apoiando as capas menos favorecidas e modificar as regras do xogo para acadar organizacións mais sustentables e equitativas.

A este respecto foi notable o labor da administración galega nas últimas décadas para que as mulleres, moitas delas mariscadoras a pé, acadasen dereitos políticos, sociais e económicos no seo das confrarías e na sociedade.

Unha postura unidireccional por parte da administración respecto da xestión dos recursos de uso común pode crear varios problemas: o primeiro é que os usuarios van demandar que o goberno solucione os seus problemas individuais. Ademais, cada mariñeiro contará os feitos segundo lle conveña tratando de engatusar o funcionario/político, que descoñece con detalle a realidade. Este individuo “espabilado” non podería enganar dese xeito aos seus compañeiros/as que coñecen os detalles do recurso e o seu contexto. Ademais, este proceder favorece aos que teñen mellores “contactos” ou son máis elocuentes, xerando tamén situacións inxustas.

Ao tempo, a tendencia da administración é de impoñer normas xerais, cando en moitos casos é preciso botar man de regras especializadas, axeitadas ao tipo de recurso ou a cada localidade concreta, polo que resulta moi difícil que

os mariñeiros se comprometan a seguir regras que consideran ineficientes e pouco equitativas. A isto debemos sumar os custes de vixilancia, que para facerse cumprir tenderán a ser máis altos que se as regras as establecesen os usuarios. Segundo conta Ángel Cervera, xa o rei Fernando III no ano 1251, ante a complexidade e especificidade técnica e social da cultura mariñeira, optou por recoñecer e delegar nas confrarías a resolución dos conflitos entre os seus membros.

Contaba un secretario dunha confraría como os naseiros antes de saír o mar falaban uns cos outros polo móbil e acordaban o número de nasas que ían botar, sempre en cantidades moi superiores as regulamentarias. Este é un exemplo onde as regras de uso, as que se aplican por parte dos pescadores, difiren das normas formais que constan na lexislación. As normas en uso eran acordadas sobre a marcha entre os naseiros, que se ben coñecían as normas establecidas pola Consellería, ignorábanas por consideralas inaxeitadas e alleas á súa agrupación. Este desaxuste entre normas en uso (orais - tácitas) e as formais (escritas) son un síntoma dun deficiente desenvolvemento institucional das confrarías. Tal e como contaba un patrón maior, ás veces son incapaces de ser auténticos líderes. Nalgunhas ocasións, porque se inhiben ante os altos cargos da Consellería, e noutras porque non son capaces de liderar ao sector cara ás mellores prácticas.

En estados democráticos como o español o dereito de asociación está establecido pola carta magna, pero o que non é tan frecuente é que a administración competente reforce as entidades asociativas e a coxestión de recursos de uso común, no caso que nos ocupa, os principais bancos marisqueiras da ría de Muros e Noia.

Nas últimas décadas produciuse en Galicia unha importante actualización lexislativa que nuns casos recolle e actualiza os normas consuetudinarias e noutros casos reestrutura e desenvolve a lexislación existente.

En canto ás confrarías de Muros e Noia, ambas as dúas contan con estatutos e regulamentos internos adaptados á lexislación vixente. Un aspecto moi relevante que está por investigar é o sentido de pertenza que os socios e socias teñen respecto da confraría.

Outra das ameazas das organizacións é a instrumentalización política por parte de membros, técnicos ou funcionarios. Un síntoma de madurez do sistema sería avanzar no sentido de retirar estas entidades dos ámbitos especialmente politizados.

Entidades aniñadas

Na xestión dos recursos marisqueiros interveñen varias entidades a distintos niveis: agrupacións de mariscadoras, confrarías, federacións de confrarías e outras entidades asociativas.

Os recursos naturais, no noso caso os mariscos bivalvos, forman parte de ecosistemas interconectados. E dicir, o que acontece nun lado da ría ten implicacións na outra; a xestión que fan os mariscadores de flote ten consecuencias para as mariscadoras a pé, e viceversa. Esta relación ecolóxica conecta todas as rías galegas (que presentan síntomas comúns como as mareas vermellas), e conecta incluso a todos océanos (con problemas como os dos plásticos).

Tamén sabemos o interconectados que están os mercados e as implicacións que isto ten para todos os profesionais do mar.

Se queremos atender axeitadamente aos distintos ámbitos e problemáticas do recurso, faise preciso que existan entidades integradas a distintos niveis. Así acontece co marisqueo en Galicia, onde as agrupacións de mariscadores a pé están integradas nas confrarías, que á súa vez forman parte das federacións provinciais e da Federación Galega de Confrarías. Ademais, existen asociacións de mulleres do mar que reforzan e procuran solucións as profesionais do mar tal e como a Asociación Nacional de Mujeres de la Pesca (AN-MUPESCA).

Os principios de deseño como elemento de avaliación das agrupacións de mariscadoras

No seguinte cadro relaciónanse os oito principios de deseño de Östrom adaptados á problemática das agrupacións de mariscadores/as a pé de Muros e Noia. Tal e como di esta autora, estes oito principios son os elementos característicos das organizacións sólidas.

Xunto con cada principio de deseño detállanse unha serie de ítems que permiten avaliar o nivel de adaptación de cada unha das confrarías a ese marco de “excelencia”.

- O resultado é que as agrupacións a pé de Muros e Noia aplican na súa totalidade os principios de deseño elaborados por Elinor Östrom. Así pois, estamos ante unhas entidades que teñen todas as cartas para pelexar por unha longa existencia.

Principios de deseño	Noia	Muros
i. Límites claramente definidos: As persoas autorizadas para mariscas deben estar definidas así como os límites das zonas onde poden mariscar. Os límites físicos das zonas marisqueiras xestionadas deben estar definidas. Os mariscadores/as autorizadas deben estar definidas (Permex).	Si Si	Si Si
ii. Coherencia entre as regras de extracción e as obrigas das mariscadoras coas condicións locais. As regras de extracción que establecen tempos, lugares, artes de marisqueo e cotas se relacionan coas condicións específicas de cada agrupación de mariscadoras e tamén coas obrigas de traballo e vixilancia. Existe un plan de explotación que adapta as regras de extracción e as obrigas das mariscadoras as condicións locais do recurso e do mercado.	Si	Si
iii. Arranxos de elección colectiva: A maioría das mariscadores deben poder participar na modificación da regras operacionais. A principal norma operacional é o plan de explotación: todas as mariscadoras deben poder participar na elaboración. Debe existir un modelo de coexistión entre as confrarías e Consellería do Mar para modificar a normativa específica sobre o marisqueo.	Si Si	Si Si
iv. Supervisión e vixilancia: Os encargados de supervisar e vixiar o recurso e o comportamento das mariscadoras, son mariscadoras ou renden contas ante as mariscadoras e as súas organizacións As mariscadoras participan na vixilancia do recurso As confrarías teñen vixiantes profesionais que renden contas ante a agrupación de mariscadoras. Outros corpos especializados renden contas ante as Confrarías e/ou agrupacións	Si Si NC	Si Si NC

Notas:NR: Non Relevante; NC: Non Concluinte

v. Sancións graduadas: As mariscadoras que non respectan as regras e acordos deberán ser sancionados de acordo a la gravidade de su falta. Existen regulamentos propios que dispoñen dun réxime sancionador. O órgano que impón a sanción ten en conta o contexto da infracción.	Si NR	Si NR
vi. Mecanismos para la resolución de conflitos. As mariscadoras e as confrarías teñen acceso rápido a instancias que permiten resolver, a baixo custo, os conflitos. Existen regulamentos propios que dispoñen dun órgano que determina as sancións e da audiencia ao interesado. O sistema xudicial español é accesible economicamente para as mariscadoras e/ou as súas organizacións.	Si Si	Si Si
vii. Recoñecemento mínimo dos dereitos de organización. As mariscadoras deben ter dereito a constituír as súas propias institucións sen impedimento algún por parte das Administracións públicas. O Decreto 8/2014 de confrarías regula esta figura e a das agrupacións sectoriais. As confrarías como corporacións de dereito público están sendo apoiadas polas distintas administracións públicas.	Si Si	Si Si
viii. Entidades aniñadas. Na xestión do recurso interveñen varias organizacións a distintos niveis. As mariscadoras de a pé teñen a súa propia agrupación. As confrarías incorporan e representan as mariscadoras. A agrupación de mariscadoras de a pé teñen unha representación proporcionada nos órganos da Confraría Existen federacións de confrarías a nivel provincial, galego e nacional que representan as mariscadores e as outros profesionais do mar. As mariscadoras (mulleres) dispoñen de distintas asociacións a nivel estatal	Si Si Si Si Si	Si Si NC Si Si

Notas:NR: Non Relevante; NC: Non Concluinte

Conclusións

A primeira conclusión que debemos extraer é que a coxestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros é unha alternativa que pode garantir a sustentabilidade do recurso.

As vantaxes da situación actual na que se encontran as mariscadoras a pé de Muros e Noia, respecto da que se encontraban hai unhas décadas, onde cada mariscadora traballa para si, sen coordinación algunha, resultan evidentes. Pola mesma razón, intentar desenvolver actuacións conxuntas de colaboración, ben deseñadas, entre organizacións próximas como as confrarías de Muros e Noia, sempre vai dar resultados positivos. Así aconteceu co convenio de compartir os bancos marisqueiros entre ambas as dúas confrarías e así previsiblemente vai acontecer co plan conxunto de bivalvos.

O reto está en encontrar esas oportunidades e deseñar ben os procesos para que os resultados sexan xustos e equitativos. Segundo Östrom, hai seis características que favorecen a implantación de melloras nas organizacións que xestionan os recursos comúns. No ámbito do marisqueo, tradúcense nas seguintes recomendacións:

- 1) As mariscadoras deben compartir maioritariamente as medidas que se desenvolven e os cambios que se realicen. Cando os membros das agrupacións establecen as súas normas e plans de explotación libremente e despois dos oportunos debates, o grao de cumprimento é moi alto.
- 2) Se os cambios que se van realizar e as súas consecuencias afectan a todas as mariscadoras de xeito semellante, a aceptación e a implantación serán maiores.

- 3) Se as mariscadoras aprecian o recurso e o coidan, serán mais proclives a investir e a realizar melloras.
- 4) Se as medidas son fáciles de entender a aceptación será maior.
- 5) Se existe reciprocidade entre as mariscadoras, é dicir, se se axudan mutuamente; e se existe bo clima e compañeirismo, será máis doado emprender accións que melloren o recurso e a súa xestión.
- 6) Se o grupo de mariscadoras é relativamente pequeno e estable a xestión do cambio será máis doado, (100 pequena; 1000 grande); salvo que existan entidades aniñadas.
- 7) A presenza de participantes con liderado substancial é moi positivo.
- 8) Se a taxa de desconto non é moi elevada o recurso será máis respectado e coidado polos profesionais.
- 9) As mariscadoras tenden a estar dispostas a castigar en exceso as incumpridoras, este proceder pode levar ás confrarías a abusar das multas e sancións.
- 10) A comunicación (cara a cara) permite chegar e manter acordos que melloran os resultados.

Unha das conclusións mais importantes ás que chega Östrom, e que podemos corroborar mediante o noso estudo do caso Muros – Noia, é que “a comunicación é esencial para lograr resultados netos máis altos”, sobre este aspecto volveremos na terceira parte deste libro.

Un dos valores máis relevantes das organizacións de mariscadoras a pé é o desenvolvemento de redes cidadás, de relacións que integran e cohesionan as persoas. Sobre a base da xestión do recurso as mariscadoras poden desenvolver un capital social moi valioso:

- a) Habilidades para facilitar a relación con outras persoas, superar o illamento e desenvolver capacidades de representación.
- b) Capacidades para manter conversacións sobre os temas de interese profesional e persoal, habilidades que a miúdo axudan a clarificar problemas, debater opcións e emprender accións.
- c) Dotes organizativas que permiten xestionar diversos recursos para acadar un obxectivo.
- d) Incrementar os coñecementos sobre o medio natural e social no que se desenvolven.

Cando as mariscadoras non son “ventureiras” e levan moito tempo na profesión, teñen costumes compartidos e padróns de reciprocidade, teñen un capital social moi notable e poden chegar a acordos para resolver os problemas de xestión do recurso sen poñer en risco as organizacións.

Outro dos valores das confrarías, escasamente recoñecido, é a función de canalización e difusión da información, desde o sector cara á administración e á sociedade e viceversa. Deste xeito, as confrarías e as súas agrupacións son auténticos nodos informativos.

Retos e Propostas

“En vez de confiar por completo nos gobernos nacionais ou na empresa privada, precisamos abrir espazos onde os usuarios locais (mariscadoras) se gobernen a si mesmos. E facilitar contornos onde as organizacións poidan aprender, uns dos outros e a partir de estudos coidadosos, as mellores maneiras de adaptarse a través do tempo” (Östrom p. 14)

Unha causa fundamental de incerteza é a falta de coñecemento. O coñecemento tradicional debe conservarse e transmitirse de xeración en xeración, se ben certos aspectos precisan da intervención de expertos que poidan axudar a matizar e a ampliar o entendemento tradicional. Polo tanto, esta incerteza pode reducirse, facendo un fondo común tanto de coñecemento científico como do coñecemento tradicional.

Se ben, a partir dos principios de deseño, cualificamos a xestión das agrupacións de mariscadoras a pé de Muros e Noia como moi avanzada, isto non significa que todo o traballo estea feito. Efectivamente, hai moito camiño andado pero o labor debe continuar se queremos mellorar o desempeño. Por esta razón, imos identificar a continuación unha serie de retos que neste sistema de coxestión deben afrontar os distintos axentes:

1. A Consellería debe avaliar, e se cabe avanzar cara a unha coxestión efectiva, incorporando ao sector non só a actualización dos regulamentos específicos, senón tamén os procedementos burocráticos. Quizais, se deban revisar os procedementos burocráticos de control deseñados en tempos pretéritos, cando non existían agrupación responsables, e conceder máis peso e autonomía de xestión

ás confrarías nos asuntos aprobados nos plans de explotacións, como redución de cotas, horarios, etc.

2. A coxestión debe estenderse á formación non regrada: as confrarías a través das súas federacións deben ser a canle que permita a avaliación de programas e do persoal docente, así como a súa adecuación á realidade social e técnica da pesca artesanal e marisqueo.
3. Haberá que estudar a posibilidade de dotar a pesca artesanal e o marisqueo dun estatus especial como comunidade sensible ás regulacións, evitando que a normativa estatal e europea irrompa no sector xerando perplexidade, desconfianza e impedimentos no desenvolvemento normal das actividades.
4. O sistema de méritos para obter o permex baseado en cualificacións intelectuais vai en detrimento da xente habilidosa e capacitada fisicamente para a profesión, e reproduce os mecanismos de marxinación: excluindo os non “escolarizados”, cando este era un refuxio tradicional para a xente insuficientemente letrada (que pasou pouco tempo pola escola).
5. Os pescadores e mariscadores a flote teñen uns dereitos na transmisión das licencias de pesca e marisqueo (conxuntamente coa embarcación), das que carecen os profesionais do marisqueo a pé, que non poden transmitir de ningún xeito eses dereitos. Cando menos, habería que valorar como os familiares directos poderían acceder a algún mérito para continuar a profesión.
6. Reforzar a función de canalización e difusión da información, desde o sector cara á administración e á sociedade e viceversa. De tal xeito que as confrarías e as súas agrupacións sexan nodos informativos a disposición dos socios.

7. Recadar o apoio do persoal técnico para mellorar o nivel de participación e implicación das mariscadoras na elaboración dos plans de explotación.
8. Promover protocolos de comunicación entre as confrarías e os corpos profesionais de seguridade, especialmente cos corpos especializados como a Policía Autonómica, os Gardacostas e o Seprona, e que periodicamente se habiliten foros e encontros onde as partes avalíen os avances realizados e identifiquen ameazas e se fixen obxectivos en común.
9. Reforzar as medidas destinadas a reducir a taxa de desconto das mariscadoras, isto é, a poñer en valor o futuro do recurso, tales como: a) mellorar os niveis de seguridade económica orientando a actividade extractiva cara a unha regularidade nos ingresos, tentando buscar a sustentabilidade económica e a periodicidade das ganancias; b) procurar a seguridade física e a mellora das condicións de traballo c) frear a acción destrutiva de terceiros (normalmente furtivos), delitos ambientais, etc. d) establecer políticas que favorezan a continuidade da actividade por parte dos descendentes e familiares contribuiría á sustentabilidade do recurso; f) reforzar o prestixio da profesión.
10. Darlle continuidade aos programas destinados a desenvolver nos representantes das confrarías maior capacidade de liderado. Un dos obxectivos destes líderes debe ser reforzar o sentido de pertenza do socio respecto da confraría, e para evitar o “desacople” entre as formalidades das confrarías e a realidade do sector. Isto é moi importante, porque se os socios non se ven representados, estamos nunha situación moi grave onde as confrarías son unha institución externa para as xentes do mar.





TERCEIRA PARTE

**Protocolo para un proceso de colaboración
no ámbito marisqueiro**

A colaboración no ámbito pesqueiro e marisqueiro acostuma adoptar múltiples formas. Neste protocolo imos referirnos a aqueles procesos colectivos nos cales interveñen dous ou máis grupos e que perseguen mellorar o aproveitamento dalgún proxecto ou recurso tal e como aconteceu co Plan conxunto para zonas de libre marisqueo articulado entre as confrarías de Muros e Noia e aprobado pola Consellería do Mar.

Este tipo de actuacións que nos derradeiros anos se veñen denominando de economía colaborativa (sharing economy), teñen tres características:

Compártese un espazo, obxecto ou recurso, en definitiva, un ben económico. No caso do Plan conxunto Muros-Noia estamos ante un caso de coxestión dun recurso marisqueiro, os moluscos bivalvos, que van ser compartidos entre ambas as dúas confrarías e a ser xestionado a tres bandas: as confrarías citadas e a Consellería do Mar. A administración autonómica, a través dos seus regulamentos, achega un factor chave para levar á practica o acordo acadado, xa que mediante o Plan de Xestión Conxunto as agrupacións, coas oportunas maiorías, poden implantar o plan e superar os intereses de pequenos grupos que se ven prexudicados.

Ese ben está infrautilizado ou escasamente xestionado. Efectivamente, este Plan Conxunto xorde a iniciativa das mariscadoras a pé, que observaban que importantes bancos marisqueiros, como os de Esteiro e a Praia do Castelo, se encontraban deficientemente xestionados.

Ambas as dúas partes póñense de acordo para obter un valor extra do ben compartido e repartir ese valor. Tal e como

estaba previsto, no proxecto de Plan Conxunto Muros-Noia, fixeron falla varios meses de conversas para definir o plan, analizar os custos (sobre todo vixilancia) e chegar a un acordo satisfactorio para distribuír os resultados: número de mariscadoras que ían participar dunha e outra confraría.

Nos sectores maduros como o da pesca e o marisqueo, resulta cada vez máis difícil encontrar actuacións que redunden en melloras económicas para os distintos axentes, por esta razón, a economía colaborativa está sendo unha das estratexias emerxentes neste sector onde abundan as pequenas empresas e organizacións. En definitiva, trátase de desenvolver unha estratexia gañar – gañar (win-win), isto é, xerar valor a través de recursos compartidos e despois repartir ese valor equitativamente entre os participantes.

Antes de iniciar un proxecto destas características, é recomendable que as partes interesadas avancen nos seguintes procesos:

- a) Identifiquen, aínda que sexa dun xeito aproximado, os obxectivos que se queren conseguir e os custos do proceso.
- b) Saiban das vantaxes que van ter respecto da situación inicial.
- c) Se o proxecto ten certa complexidade, resulta recomendable incorporar algún axente que facilite e organice o proceso.

Para que o papel do facilitador sexa efectivo, este axente debe ser neutral, coñecedor do sector, aberto e sensible ás inquiredanzas das partes.

O protocolo que se propón seguir para culminar un proceso de colaboración no ámbito pesqueiro é o seguinte:

1. Fase de “preparación do terreo”. A miúdo faise preciso mellorar as condicións obxectivas para conseguir que as partes asuman un compromiso co proxecto. Un dos obxectivos desta fase é reducir o nivel de incerteza e que as partes poidan clarificar o valor do proxecto. Trátase de poñer en valor o proceso de colaboración, non só os seus resultados inmediatos, senón tamén as derivadas colaterais e futuras, destacando a importancia que ten facer pequenas melloras de xeito frecuente, evitando o deterioro ou retroceso no desempeño.

No caso do proxecto Muros-Noia tiveron lugar varios encontros dos coordinadores con cada unha das partes co obxecto de intercambiar impresións sobre a “idea” de facer algún tipo de plan conxunto que permitise a explotación racional de certos bancos marisqueiros que naquel intre operaban baixo a regulación de “libre marisqueo”. Era ben sabido que o furtivismo e a falla de xestión impedían que as mariscadoras fixesen un aproveitamento racional dese banco marisqueiro. A principal dúbida estaba á hora de valorar a capacidade produtiva deses areais xa que os datos existentes a nivel de serie histórica eran moi escasos. E o principal reto sería poñerse de acordo no reparto, é dicir, na proporción de mariscadoras que dunha e outra confraría accederían ao banco marisqueiro.

Estes primeiros contactos serviron para mellorar o clima e a confianza entre as partes e dos coordinadores coas partes, Ademais, acordouse ampliar os obxectivos do proxecto e fíxose o custo e o financiamento compartido entre ambas as confrarías.

2. Desenvolvemento do proxecto. Nesta fase débese facer unha análise ou diagnóstico sobre o proxecto, débense tra-

zar as alternativas posibles e deseñar o plan de actuación. Un dos obxectivos é espertar o interese e, a poder ser, o entusiasmo polo proxecto. No noso caso as actividades que se desenvolveron foron as seguintes:

Unha reunión conxunta entre as partes, moderada polos coordinadores, coa finalidade de realizar un diagnóstico. As partes tiñan que ser conscientes que o acordo non era doado, que existían poderosas razóns para culminar con éxito o proceso, pero tamén habían atrancos que superar. Era preciso poñer a énfase nas dificultades, xa que era conveniente anticiparse aos problemas e identificar canles de solución. Tratábase de apuntar tanto os condicionantes positivos como os negativos, referidos tanto ao proceso negociador como á culminación do plan de explotación e os resultados esperados para as mariscadoras.

Entrevistas a asistencias técnicas e directivas das agrupacións para identificar as mellores alternativas a incluír no Plan de explotación. Nestes encontros pretendíase escoitar as inquedanzas e valoracións de cada unha das partes e se identificaron once elementos para debatir e consensuar. Asemade, a través destes encontros foise reunindo información de moito interese sobre o funcionamento das dúas agrupacións de mariscadoras.

3. Negociación e acordo. Nesta fase concrétnanse as achegas que deben realizar as partes e os criterios para repartir os froitos do proxecto. É importante que non se inicie o proceso de negociación sobre os aspectos máis candentes ate que o proxecto estea “maduro”. Para pechar a negociación, no caso Muros-Noia, tivo lugar unha reunión entre as dúas agrupacións de mariscadoras, onde estiveron presentes os



“A recomendación máis relevante que podemos dar para que un proceso de colaboración no ámbito mariñeiro e marisqueiro frutifique é o diálogo. Un diálogo honesto...”

patróns maiores, e se debatiron os once puntos chave identificados nas sesións anteriores. Os traballos realizados deron os seus froitos, e grazas á xenerosidade das partes tivo lugar un acordo rápido e equitativo.

4. Execución do acordo e posta en marcha do plan. Trátase de redactar un Plan que conteña todos os elementos necesarios. No caso Muros-Noia, acordáronse once aspectos que servirían para que as asistencias técnicas redactasen o Plan conxunto de explotación. Un aspecto importante acordado foi o de nomear unha comisión para a coordinación e a administración do plan, integrada por dous membros de cada agrupación. Nas semanas posteriores tiveron lugar varias reunións desa comisión para tomar decisións relacionadas coa posta en marcha do Plan.

Con todo, a recomendación máis relevante que podemos dar para que un proceso de colaboración no ámbito mariñeiro e marisqueiro frutifique é o diálogo. Un diálogo honesto onde as partes saiban claramente quen é o seu compañeiro de viaxe e cales son as súas verdadeiras intencións. Para acadar unha comunicación efectiva debe dispoñerse dunha metodoloxía que combine múltiples ferramentas.

Por último, insistir na recomendación de incorporar algún coordinador, técnico ou consultor, que facilite a comunicación e organice o proceso. Na procura dunha comunicación efectiva os coordinadores empregarán varios formatos: reunións, entrevistas, correspondencia electrónica, conversas telefónicas e tamén dotaranse de información escrita que sexa relevante para o caso. Un erro, que se debe evitar, é redundar en reunións con moitos asistentes, con só reunións a comunicación tende a polarizarse a os avances tórnanse moi lentos.





BIBLIOGRAFÍA

- 1ª Congreso Galego de Marisqueo, 1991. I Congreso Galego de Marisqueo.
- 3ª Xornadas de medio mariño e acuicultura, 1994. III Xornadas de medio mariño e acuicultura.
- Abay Analistas Económicos y Sociales (2013). Análisis del Empleo en el sector pesquero español y su impacto socioeconómico.
- AECA (2004). Dirección del Conocimiento en las Organizaciones.
- AECA (2011). Aprendizaje Organizativo.
- Alegret, J.L. (1989). “Del Corporativismo Dirigista al Pluralismo Democrático: las Cofradías de Pescadores en Cataluña”.
- Andreu, V. (comp.) (1999). Antropología del Desarrollo.
- Astorkiza, K. y otros; Garcial Allut, A. (coordinador)(1999). Las Cofradías de pescadores como instrumentos de regulación de pesquerías en el País Vasco.
- Bauman, Z. (2003). Comunidad.
- Cervera Paz, A.(2006). Análisis Estratégico de las Cofradías de Pescadores en el Marco de la Economía Social.

- D'Alisa, Giocomo (2013). Bienes Comunes: las estructuras que conectan.
- Erkoreka Gervasio, J.L.(1991). Análisis Histórico-Institucional de las Cofradías de Mareantes del País Vasco.
- FAO (2016). Estado mundial de la pesca y la acuicultura 2016.
- Felber, Christian (2012). La economía del bien común.
- Fernández Gestido M.; Iglesias Pastoriza, T. (2017). 12 Claves para una Gestión Responsable de las Confrías de Pescadores.
- Fernández Gestido M.; Iglesias Pastoriza, T.(2015). Guía de Implantación e Difusión de Responsabilidad Social Corporativa en las Confrías de Pescadores.
- Fernández Gestido M.; Iglesias Pastoriza, T. (2017). Cofradías de Pescadores: Integrando Conocimiento Tradicional y Conocimiento Científico a Través de la RSC.
- García Allut, A. (2003). Pesca artesanal, el cambio y la patrimonialización del conocimiento.
- García Allut, Antonio. (1999). Conocimiento “experto” y su papel en el diseño de nuevas po-

líticas pesqueras. Congreso de Antropología de la pesca.

- García Negro, M.C. (1997). Las Mariscadoras: un colectivo de mujeres entre la tradición y la “modernización”.

- Geertz, C. (1995). La interpretación de las culturas.

- González Vidal, M. (1980). El Conflicto en el sector marisquero de Galicia.

- Iglesias Seco, M. (1982). Análisis estructural del sector pesqueño gallego: bases para una nueva política pesquera.

- Instituto Galego de Estadística (IGE) (2015). Análise do sector da pesca.

- López Veiga, Enrique C. (2000). Manual de Política Pesqueira. Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

- López Veiga, Enrique C. e outros (1992). Plan de Ordenación dos Recursos Pesqueiros e Marisqueiros de Galicia.

- Losada, Antón (2000). La Política del Mar.

- Mahou Lago, X.M. (2008). Implementación y Gobernanza: La Política de Marisqueo en Galicia.

- Mariño del Río, Manuel (2007). A Confraría de Pescadores de Porto de Son.
- Martínez González, M. (1999). La definición de los problemas públicos y la legitimación de una normativa pesquera: Asunto nasa fanequeira.
- Marugán Pintos, Begoña (2004). Profesionalización de las mariscadoras gallegas.
- Mattei, Ugo (2013). Bienes Comunes (Estructuras y Procesos. Derecho).
- Östrom, E. (2011). El gobierno de los bienes comunes.
- Östrom, E. (2015). Comprender la diversidad institucional.
- Pardella de Blas, X (1980). Do marisqueo á acuí-cultura.
- Polanyi, Karl (1997). La Gran Transformación.
- Porter, Michael E.; Kramer, Mark R. (2011). La creación de valor compartido. Harvard Business Review Enero-Febrero 2011.
- Ramis Olivos, A. (2013). El concepto de bienes comunes en la obra de Elinor Ostrom.
- Red Española de Mujeres en el Sector Pesquero

(2016). Diagnóstico sobre la situa profesional de las mujeres en el oficio del marisqueo en España.

- Sánchez Fernández, J. O (1992). Ecología y estrategias sociales de los pescadores de Cudillero.

- Senger, Peter M. (2004). El liderazgo de las organizaciones de aprendizaje.

- Sequeiros. X.L. (1995). A despensa da area.

- Solís Pais, L.M. (2016). “Producción de berberecho na confraría de Noia. Problemas de conservación dos bancos marisqueiros”. XVIII Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura da Rías Galegas.

- Subirats, J. (2016). Los Bienes Comunes.

- Surarez de Vivero, J.L. (2008) . “Gobernanza en la pesca: de lo ecológioc0 a lo ético, de lo local a lo global”. Revista de geografía y ciencias sociales.

- Taboada Mella, M.S. (2004). El papel de las instituciones en el origen y en la evolución de la cofradía de pescadores gallega. Estudio de Casos.

- Thompon, E.P. (1995). Costumbres en Común.

- Tirole, Jean (2017). La economía del bien común.

- Xesdega, S. Coop (1995). Ordenación Bioeconómica de marisqueo.



Orxugan de desenvolvemento do
Oceano e do Territorio
Dep. do Sistema Ría de Muros-Noia
Costa Sostible



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

galicia



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo Marítimo
y de Pesca (FEMP)



CONFRARÍA de
PESCADORES
de MUROS



CONFRARÍA de
PESCADORES
de NOIA

O territorio GALP Costa Sostible inclúe dúas áreas principais: a Ría de Muros-Noia e unha boa parte da Costa da Morte.

Trátase dun fermoso territorio costeiro que posúe un bo número de áreas protexidas e sitios de interese comunitario, como o Monte Louro, o Monte Pindo ou o Estuario do Tambre; a eles incorpóranse escenarios de gran atracción turística, como o Cabo Fisterra, antigo fin do mundo dos romanos, un bo número de excelentes areais e tamén poboacións con extraordinarios centros históricos, como Muros e Noia.

